

RECOMENDACIÓNS PARA O TRANSPORTE EN AMBULANCIA DUN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN POLO NOVO CORONAVIRUS 2019

Ante o traslado de todo paciente que cumpra a definición de caso posible de ter unha infección polo novo coronavirus 2019 (SARS-CoV-2) [[ligazón](#)], deberá avisarse ao SAEG (teléfonos ao rodapé).

Sempre deberá avisarse ao hospital da chegada do paciente.

O traslado farase nunha ambulancia coa cabina do condutor fisicamente separada da área de transporte do paciente.

O caso deberá levar posta SEMPRE unha máscara cirúrxica.

A persoa que acompañe ao paciente no traslado, segundo a información dispoñible a día de hoxe, deberá seguir, ademais das medidas estándar, a recomendación do emprego dos equipos de protección seguintes:

Bata de manga longa resistente a líquidos

Respirador FFP2

Luvas

Protección ocular antisalpicaduras

No caso de realización de procedementos médicos que xeneren aerosois, o equipo de protección recomendado é:

Respirador FFP2 ou FFP3 se hai dispoñibilidade

Bata de manga longa impermeable (se a bata non é impermeable e se prevé que se produzan salpicaduras de sangue ou de outros fluídos corporais, engadir un delantal de plástico)

Luvas

Protección ocular axustada de montura integral ou protector facial completa

Compre recordar a importancia de facer unha correcta hixiene de mans, antes e despois do manexo do caso, e por tanto da colocación dos equipos de protección individual. O emprego de luvas non exime da hixiene de mans.

Unha vez finalizado o transporte, realizarase unha desinfección do vehículo. A limpeza da ambulancia farase despois de ventilar a ambulancia. A limpeza pode facerse cunha solución de hipoclorito sódico que conteña 1000 ppm de cloro activo. Na limpeza empregaranse os equipos de protección antes indicados.

Os residuos manexaranse como residuos de tipo III.